

Á Mesa do Parlamento

José Ramón Val Alonso, Manuel Gallego Lomba e M^a de los Ángeles Ferreiro Vidarte, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Hai poucos días que vén de coñecerse una sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra que declara que incluír alusións á orixe na etiquetaxe das conservas de mexillón é competencia desleal.

Esta sentenza ratifica unha anterior do Xulgado Mercantil e deixa meridianamente claro que o ámbito de protección da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia acada ao mexillón en conserva, conxelado, pasteurizado, etc.

Aclara ademais que as mencións "*de las Rías Gallegas*", "*elaborado en Galicia*", "*envasado en Galicia*", etc. son de uso exclusivo dos produtos amparados pola DOP e que, ademais, o uso de mencións a Galicia ou a simple referencia ou evocación, en produtos elaborados do mexillón, aínda que a súa orixe real sexa Galicia, se on está amparada pola DOP, supón una infracción da normativa europea de protección das DOPs.

A transcendencia desta sentenza é importante, polo os deputados asinantes formulan a seguinte Interpelación:

- 1.^a) Que opinión lle merece ó Goberno galego a publicación desta sentenza?
- 2.^a) Que vai a facer o Goberno galego para dar cumprimento ó referido nesta sentenza?
- 3.^a) Comparte o Goberno Galego o contido desta sentenza?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2016

Asdo.: José Ramón Val Alonso

Manuel Gallego Lomba

M^a de los Ángeles Ferreiro Vidarte

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 22/03/2016 13:34:44

José Manuel Gallego Lomba na data 22/03/2016 13:34:54

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 22/03/2016 13:35:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia
